

A CULTURA MARÍTIMA NA GALIZA

Dionísio Pereira*

e a SÚA PATRIMONIALIZACIÓN

*Historiador

“Galiza non é un fin da Terra, é un centro do Mar”, Staffan Mörling.

En todo o litoral galego téñense desenvolvido ao longo dos tempos tarefas, oficios e modos de vida vinculados ao mar. Cos seus 1195 km de litoral e unha posición xeográfica fisterrá; coa súa beiramar recortada en múltiples rías farturentas en recursos mariños, Galiza coñeceu xa dende o Medioevo un importante desenvolvemento das actividades marítimo-pesqueiras. Para pescar e transportar foi preciso construír barcos; despois, emprazar portos para protexelos. Tamén houbo que concibir aparellos, útiles de traballo e técnicas singulares, axeitados a cada costa e ás tradicións da zona en cuestión. Así mesmo, a casa mariñeira estivo condicionada polo xeito de vida dos moradores, así como polas peculiaridades xeográficas e climatolóxicas da súa localización.

Pero o mar é algo máis que reserva de peixe ou vía de comunicación. Así, por exemplo, a auga déixase canalizar ata os rodicios dos muíños de maré. Lugar de tráfico, de intercambio, de comercio, o mar é tamén un espazo susceptible de balizar, de vixiar, de protexer. Daquela, foron levantadas fortalezas para defender a beiramar contra eventuais agresores; fachos, luces e faros alumearon para clarear as singraduras dos navíos... Existen, xa que logo, as que se deron en chamar “xentes de mar”, que abranguen todas as angueiras relacionadas co medio mariño. E dentro da súa diversidade, teñen identidade propia; as súas tradicións e o seu “saber-fazer”. Ao cabo dos séculos, esta sorte de confraría teceu o seu universo deixando acá e acolá pegadas, discretas ou rechamantes, do seu devalar. Velaí o substrato cultural que serve de caladoiro a ese dinámico artefacto social que adopta o título de patrimonio marítimo: eis, o conxunto de manifestacións materiais e inmateriais resultado da actividade humana relacionada co mar¹.

1 Martí, M. “El patrimoni marítim i els museus de Catalunya” en Revista Drassana, Museu Marítim de Barcelona, nº 13, decembro de 2005, pxs. 48-56. A diferenza entre cultura e patrimonio en Florido del Corral, D. “Cultura despatrimonializada e invención patrimonialista” en Allegret, J. L. e Carbonell, E. (Eds.) La patrimonialització de la cultura marítima, Girona: Institut Català de Recerca en Patrimoni Cultural (ICRPC), 2012, pxs. 133-146. Sobre o patrimonio marítimo galego, ver Bibliografía.

Neste traballo pretendemos, tras desvelar algúns dos principais sinais de identidade da cultura marítima propia da Galiza, enxergar certas características da xeira patrimonializadora desenvolvida na beiramar do país até a segunda década do século XXI, para finalizar cunha breve reflexión sobre o papel dos museos do mar nesta teima.

Un universo marítimo particular

Daquela, nun contexto natural, paisaxístico, histórico e socioeconómico singular, Galiza é berce dunha ampla cultura marítima xenuína; un conxunto de bens tanxibles e intanxibles que compón un verdadeiro tesouro con múltiples alfais, case todas ameazadas a día de hoxe. Vinculada ao devalar do país galego a través do tempo, aquela reflicte tamén as mudanzas socioeconómicas, tecnolóxicas e propiamente culturais das comunidades do litoral. En síntese, compre encadrarla en tres condicionantes sobranceiros:

- Galiza é un territorio periférico e pouco desenvolvido dentro do Estado español, cuxa presenza no país foi en xeral pouco intensa.

- A diversidade ambiental das rías galegas dá lugar a unha grande abundancia de recursos mariños. Mais debido ao cativo desenvolvemento económico, as actividades marítimas tense reducido historicamente á pesca e o marisqueo no litoral, mentres que o transporte marítimo, a pesca de altura e o apartado do lecer, so cobran importancia moi recentemente.

- De acordo co diagnóstico do antropólogo Staffan Mörling, Galiza ten un emprazamento estratéxico nas rotas marítimas, feito coñecido dende a noite dos tempos.

Non sorprenderá entón que a cultura e o patrimonio do mar sexan na Galiza maiormente de orixe popular, vinculados a unha pesca artesanal moi estendida e diversa, pouco diversificados no que respecta a outras actividades marítimas e cunha discreta fasquía monumental se os comparamos con outros países veciños: nós non temos nin unha Torre de Belém manuelina, nin unha fachada marítima fortemente defendida (e conservada) polo Estado francés como a de La Rochelle.

Fig. 1 – Arcadas na fachada marítima da vila de Muros



Mais a referida diversidade ambiental da beiramar galega conforma multitude de ecosistemas e identidades locais peculiares, o que deu lugar a unha multiplicidade de embarcacións (máis de vinte tipoloxías, das que tan só se conserva a metade), de saberes, de falas e de asentamentos humanos. Pero aínda hai máis: o mar foi de sempre comunicador. E a rótula Noroeste da Península Ibérica, tivo unha grande importancia, hoxe tan só albiscada, como encrucillada das rotas que viñan do Norte e do Mediterráneo. Tanto é así, que autores como o lembrado Octávio Lixa Filgueiras supoñen que o “Mar dos Galegos” foi propicio, quer para a mestura entre velas latinas do “Mare Nostrium” e cadradas propias de augas boreais, quer para a mestizaxe das técnicas de construción de procedencia nórdica e mediterránea.

Polo tanto, os tipos de barcos máis característicos da Galiza son resultado de múltiples experimentacións e influencias. Eis, os devanceiros de orixe setentrional das dornas, gamelas e lanchas, mudaron de fasquía polo influxo de novas técnicas mediterráneas e a continua adaptación a cometidos cambiantes. Algunhas delas, gamelas e lanchas concretamente, foron introducidas hai séculos no Norte de Portugal polas comunidades piscatorias galegas que, noutrora, se instaloron entre Viana do Castelo e a Foz do Mondego. Daquela, cando no mar non había fronteiras, conformouse unha certa unidade cultural cuxas pegadas perduran na lembranza das lanchas do Alto de Póvoa de Varzim, das catraias de Esposende, ou das masseiras de Ancoara, xemelgas das gamelas de A Guarda.

É, xa que logo, unha cultura marítima relativamente diversa, mais que garda así mesmo unha unidade sustentada nos saberes e na lingua común (o galego, coas súas variedades locais da beiramar); tamén nos espazos costeiros compartidos a través do tempo polos pescadores das distintas rías, dende a foz do Miño ate a do Eo: eis, o simbólico “Mar dos Galegos”, que tamén os poveiros frecuentaron. Unha unidade albiscada así mesmo polo escritor Luis Seoane quen, nas páxinas da revista Galicia Emigrante editada no exilio arxentino, afirmou que a etnografía, a arte e a artesanía, danse a man na costa galega.

De todas maneiras, se acaso pola febleza da burguesía vinculada ao “negocio marítimo” e tamén polo afastamento dos centros de poder do Estado español, Galiza é un país con cativa tradición marítima (entendida esta como fenómeno cultural e patrimonial), o que pode explicar o déficit de atención que o feito marítimo tivo e aínda ten non só nas instancias político-administrativas, mais tamén dentro das institucións académicas en disciplinas como a historia, a antropoloxía, a xeografía, a etnografía...Este pobre coñecemento da comunión da Galiza co mar, de seguro influíu quer na serodia valoración da cultura marítima propia, quer na ausencia dun maior consenso social á hora de singularizar distintos compoñentes significativos daquela, obviando unha maior protección². O caso é que, como denuncia o músico e publicista Xurxo Souto, o mundo do mar é, decote, invisible na sociedade galega.

Non é de estrañar, pois, o retraso verbo doutros países europeos en ser prezada socialmente a xeira recuperadora dos diversos elementos que conforman a cultura marítima do país; unha angueira provocada pola creba das actividades marítimas tradicionais no último terzo do século XX e acelerada polas mudanzas socioeconómicas na franxa costeira, derivadas do turismo de masas e a especulación urbanística incontrolable. Con todo, a demora tamén pode ter outra faciana, desta volta máis positiva: a persistente continuidade ata o día de hoxe da pesca e do marisqueo artesanal, xunto con parte da base material e inmaterial que as sustenta dende o punto de vista tradicional. Este feito, entendemos, pode ter efectos positivos canto á futura reprodución non fosilizada da

2 Unha reflexión semellante para Catalunya, en Martí, M. *Ibidem*, px. 51.

cultura marítima propia, que ven sendo, non se esqueza, unha construción social en evolución.

En calquera caso, dende finais dos anos 80 do século pasado púxose en marcha un movemento asociativo de carácter popular (incluído hoxe en boa medida na Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial) que, na compañía dalgunhas entidades museísticas caso do Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela) ou do Museo Massó (Bueu), teima dende entón en levar adiante un proceso de patrimonialización do acervo cultural relacionado co mar.

Nesta altura, despois de case que 30 anos de actividades a prol da cultura marítima na Galiza, estamos en tempo de reflexionar en torno ás características deste fenómeno social.

A patrimonialización da cultura marítima galega: os Actores, as Accións

Antes que nada, entendemos por tal proceso aquelas iniciativas que teñen como obxectivo gardar, protexer, singularizar e dotar de valor engadido calquera aspecto relacionado coa cultura marítima. É algo que leva o seu tempo, pois implica unha (re)apropiación selectiva baseada en criterios de orde cultural, enfocada a transformar bens de orixe funcional, asociados a unha determinada actividade marítima, en bens culturais depositarios de valores identitarios consensuados por unha comunidade³.

Pretendemos, xa que logo, aportar unha fotografía referida ao período 2008-2011, inicio da crise económica, que retrate dende unha perspectiva cuantitativa os principais Actores e as Accións de patrimonialización máis frecuentes en toda a beira-mar galega, procurando, asemade, unha ollada comparativa con outras zonas do litoral español⁴.

3 Ver Allegret, J.L. "Producción patrimonial marítima en contextos neo museográficos. El ejemplo del proceso de creación patrimonial del «pescado de poco precio» en el Espai del Peix de Palamós", en Allegret, J. L. e Carbonell, E., pxs. 29-40; tamén López, O. "El patrimoni marítim a Catalunya" en Revista Argo, Museu Marítim de Barcelona, nº 1, xuño 2008, pxs. 19-23. Unha visión crítica da patrimonialización, en Florido del Corral, D. Ibidem, pxs. 135-137.

4 Expoñemos aquí algunhas das conclusións focalizadas na Galiza do proxecto I+D+i do Ministerio de Ciencia e Innova-

ción, "Patrimoni Etnologic, Societat i Cultura Marítima" (PESCUM), liderado polo ICRPC.

A: Administración Pública (Central, Autonómica, Deputacións, Concellos, Museos do mar...).

B: Entidades Mixtas de colaboración público-privada (Fundacións, Grupos de Acción Costeira/Grupos de Desenvolvemento Pesquero,...).

C: Universidades e Institucións Académicas.

D: Asociacións (Culturais, Deportivas, Veciñais, Medioambientais, Confrarías de Pescadores,...).

E: Iniciativa privada (Empresas, Asociacións Empresariais, Particulares, ...).

CADRO I - ACTORES: PROMOTORES (%)

	A	B	C	D	E
Andalucía	41	5	3	40	12
Catalunya	42	1,5	3	35	18,5
Galiza	30	4	-	54	12
País Vasco	62,5	1,5	2	20	14
TOTAL	44	3	2	35	16

Fonte: Elaboración propia, a partir da base de datos de PESCUM.

En conxunto destaca como principal promotora a Administración Pública, seguida de perto polas Asociacións culturais e profesionais e, a distancia, polas Entidades Privadas. O papel das Entidades Mixtas é cuantitativamente cativo mais relevante cualitativamente, mentres as Universidades están desaparecidas. Este panorama é semellante en comunidades como Andalucía e Catalunya, pero muda en Euskadi onde a Administración Pública adquire a súa maior relevancia territorial como promotora e o Asociacionismo a mínima, e, sobre todo, na Galiza, onde polo contrario as Asociacións superan amplamente ás Entidades Públicas,

que teñen neste territorio a súa menor relevancia como promotoras. Porén, é interesante apuntar que un terzo das Accións acometidas polas distintas Administracións Públicas na Galiza, foron alentadas polos museos do mar. En consecuencia, o Asociacionismo ten unha importancia principal no litoral galego como dinamizador das Accións de patrimonialización da cultura marítima e vén sendo neste territorio onde asume o seu protagonismo máis notorio.

CADRO II - ACTORES: SPONSORS (%)

	A	B	C	D	E
Andalucía	76	9	1	8	6
Catalunya	86	2	2	6	4
Galiza	61	15	-	10	14
País Vasco	78	4,5	-	-	17,5
TOTAL	75	6	1	7	11

Fonte: Idem.

Como cabía agardar tras o CADRO I, a Administración Pública encabeza o financiamento das Accións de patrimonialización no conxunto das catro comunidades, seguida a distancia polas Entidades Privadas, que superan ás Asociacións e ás Entidades Mixtas, por esta orde; máis unha vez, o papel da Universidade é residual. O predominio da Administración Pública acaba o seu cénit en Catalunya sumando as Accións dos Concellos e da propia Generalitat, e ten a súa menor expresión na Galiza, onde Concellos, Deputacións e Xunta financian só o 61% das intervencións; neste caso o rol dos museos do mar é moito máis discreto. A comunidade galega é onde a "sponsorización" está máis repartida, pois tamén son significativos os medios aportados polas Entidades Mixtas (financiaron o 15% das Accións), polas Entidades Privadas (14%) e polas Asociacións (10%). A título de exemplo, no ano 2010 o 25% dos proxectos financiados polos GACs⁵ estiveron

5 Os Grupos de Acción Costeira (GACs) na Galiza (Grupos de Desenvolvemento Pesqueiro en Andalucía), son colectivos sen ánimo de lucro de carácter supramunicipal, formados por axentes tanto públicos como privados vinculados á pesca. Creados ao abeiro do Fondo Europeo de Pesca no seu eixe 4, teñen

relacionados coa produción patrimonial.

Atendendo agora tan só a Galiza, compre enxergar como afecta o proceso de patrimonialización ás distintas categorías da cultura marítima; velaí:

CADRO III - ACCIÓN DISTRIBUÍDAS POR CATEGORÍAS PATRIMONIAIS (%) GALIZA

CATEGORÍAS

Inmobiliario	
Arquitectura e Urbanismo	12
SUBTOTAL	12
Mobiliario	
Embarcacións	17
Aparellos Pesca	5
Representacións	0
Gráficas e Audio	4
Ferramentas Oficios	4
Documentación diversa	2
Outras	3
SUBTOTAL	35
Inmaterial	
Asociacionismo	17
Saberes e Técnicas	13
Festas civís	6
Festas relixiosas	2
Hábitos	4
Deporte	4
Gastronomía	2
Outras	5
SUBTOTAL	53
TOTAL	100

Fonte: Idem.

un financiamento mixto e por obxectivos o fortalecemento da capacidade organizativa e a diversificación funcional dos profesionais do mar. Non existen en Catalunya e no País Vasco, de acordo coa normativa da UE.

Fig. 2 – Réplica de pequeno galeón construída en Vigo



Na Galiza destacan, quer a concentración das Accións na recuperación do patrimonio flotante, nomeadamente embarcacións tradicionais e as súas técnicas de navegación, quer o activismo do Asociacionismo cultural. É preciso salientar este feito, porque a relevancia do percurso asociativo redúcese notablemente no resto das comunidades litorais do Estado español agás Andalucía, onde cobran protagonismo as “Hermandades” que promoven tanto as múltiples festividades relixiosas relacionadas co mar, a súa iconografía e as súas crenzas, como distintos eventos gastronómicos. No caso galego, este último apartado está infravalorado polo criterio restritivo da base de datos, onde só se recolleron Accións de valoración e divulgación de distintos produtos locais, fronte á multitude de iniciativas gastronómicas informais vinculadas ao mar levadas a cabo ao longo de toda a costa galega (e tamén no interior), imposibles de cuantificar cos medios con que contou PESCU. Por último, compre subliñar tanto o relativo interese da rehabilitación do patrimonio inmovible, como o pequeno número de Accións relacionadas coa investigación (recollidas no epígrafe de Documentación Diversa xunto co de Representacións Gráficas e Audiovisuais, dentro da categoría de Mobiliario), artes escénicas, actividades deportivas, ou asociadas con celebracións relixiosas.

Ao cabo, para completar a análise sería procedente albisca as categorías culturais preferidas polos distintos Actores promotores da apropiación patrimonial no litoral galego:

CADRO IV - ACCIÓNS DISTRIBUÍDAS POR CATEGORÍAS PATRIMONIAIS E PROMOTORES (%). GALIZA

CATEGORÍAS	A	B	C	D	E
Inmobiliario					
Arquitectura e Urbanismo	14	29	50	9	14
SUBTOTAL	14	29	50	9	14
Mobiliario					
Embarcacións	16	14	-	18	20
Aparellos Pesca	7	8	-	4	5
Gráficas e Audio	8	6	-	2	4
Ferramentas Oficinos	7	4	-	2	2
Documentación diversa	2	10	-	1	2
Outras	8	9	-	1	4
SUBTOTAL	48	51	-	28	37
Inmaterial					
Asociacionismo	3	-	-	27	5
Saberes e Técnicas	13	10	50	13	8
Festas civís	-	-	-	8	3
Festas relixiosas	-	-	-	2	5
Hábitos	3	-	-	3	11
Deporte	4	-	-	4	3
Gastronomía	2	-	-	2	5
Outras	9	4	-	4	9
SUBTOTAL	38	20	50	62	49
TOTAL	100	100	100	100	100

Fonte: Idem.

En primeiro lugar, cabe reiterar que o principal protagonista da activación patrimonial da cultura marítima na Galiza, o asociacionismo cultural, focaliza en cooperación coa Administración Pública (Deputacións, Xunta de Galicia, museos do mar) e de maneira moi notoria as súas iniciativas no patrimonio flotante, en especial á recuperación das embarcacións e técnicas da navegación tradicional, así como no propio devalar asociativo externo e interno. Sen embargo, compre salientar a feble diversificación das Accións emprendidas polos colectivos, de aí a cativa importancia cuantitativa das iniciativas vinculadas á investigación, á socialización das distintas actividades marítimo-pesqueiras, ás artes escénicas e á gastronomía. Nou-

Fig. 3 – Cruz de afogados en Ancoradouro-Muros



tra orde de cousas, non deberíamos esquecer o notable papel dos GACs e das Entidades Privadas como principais alicerces (xunto cos Concellos) da posta en valor do patrimonio inmoible relacionado co mar, cun pequeno engadido minoritario referido á valorización da arquitectura popular relacionada coa pesca, liderado polo asociacionismo profesional representado polas Confrarías de Pescadores. Canto á Universidade, tan só levou a cabo dous proxectos, paliando máis unha vez os GACs e en menor medida as Entidades Públicas (os museos do mar, maiormente) o seu absentismo no precario apartado da investigación ou da divulgación.

Rematada a análise pormenorizada dos Actores e das Accións levadas a cabo no proceso de patrimonialización da cultura do mar na Galiza no período 2008-2011, é o momento de tirar de xeito telegráfico algunhas conclusións:

- O protagonismo sobranceiro do proceso recae

no Asociacionismo cultural e profesional.

- A participación das Entidades Públicas no seu conxunto, é menor na Galiza que en Andalucía, Catalunya e no País Vasco.

- O papel das tres Universidades galegas é irrelevante, moi inferior ao doutros centros de estudos superiores daquelas comunidades.

- Os GACs incentivaron as Accións de patrimonialización sobre todo na categoría de Inmobiliario e no apartado da investigación, habilitando unha canle para a participación dos Concellos, Confrarías de Pescadores e a iniciativa privada nestas tarefas.

- En xeral, a diversificación das accións é pequena, concentrándose a grande maioría na recuperación do patrimonio flotante e da navegación tradicional, situándose no polo oposto a investigación relacionada coa cultura e o patrimonio marítimo. Nos últimos tempos, esta tendencia só foi parcialmente atenuada pola discreta intervención das distintas Entidades Públicas e dos GACs.

Os museos do mar

Tal e como quedou dito, a presenza dos distintos museos do mar galegos no devandito proceso de patrimonialización é modesta; con todo, compre matizar que o labor cotiá de conservación e musealización dos seus fondos non foi recollido na base de datos, polo que a súa importancia cuantitativa é maior da que recollen as cifras. Ademais, no período considerado aínda estaban en constitución unha chea de pequenos museos municipais espallados pola beiramar galega, cuxa actividade posterior obviamente non se contempla. De calquera maneira, ninguén discutirá que a posta en marcha dos distintos museos do mar representou un fito cualitativo moi relevante na historia da preservación do patrimonio marítimo galego.

Na Galiza, os centros museísticos vinculados á cultura marítima son recentes: agás o Museo Masó que se constitúe en Bueu como ente de titularidade privada no ano 1932, aínda haberá que agardar a 1969 data na que a Deputación de Lugo arranxou o Museo do Mar de San Cibrao (Cervo). Mesmo en 1993, cando se elabora pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia o primeiro cen-

Fig. 4 – Bota-abaixo na praia de Laxe, na Costa da Morte.
Anos 30 do século pasado



so de museos, o de Cervo será o único desta especialidade, pois daquela pechara o Museo Massó, aberto outra volta no ano 2004 pero xa con titularidade pública. Con todo, dende finais da década de 1970 o Museo do Pobo Galego contará cun espazo dedicado á etnografía pesqueira e, correndo o ano 1986, a Armada española contará cun Museo Naval no interior do Arsenal de Ferrol.

Daquela, en concordancia coa urxente necesidade de explicar o país tamén dende o mar, a maior parte das actuais instalacións museísticas asociadas á cultura marítima aparecen no século XXI; en particular, un Museo do Mar de Galicia (Vigo, 2007) lastrado tanto pola ausencia de colección propia e un edificio problemático, como pola carencia de plano museolóxico e de programa museográfico: de aí a súa traxectoria errática posterior, sen corpo social que o arroupe. A día de hoxe, a situación mudou algo respecto 1993 e, no conxunto dos museos e coleccións visitables recoñecidos pola Xunta, dun total de 92 centros, 10 están vinculados á cultura marítima. A estes, habería que sumarlles outros 8 que non forman parte do Sistema de Museos articulado pola Xunta de Galicia⁶.

En xeral, deixando fora certos entes (Museo Naval, Museo Massó, Museo do Mar de Cervo, algún museo municipal), proliferan coleccións repetitivas de artes e instrumentos de pesca, sen a penas procurar unha desexable especialización nos distintivos das culturas marítimas locais. Na orixe deste problema están, se acaso, a cativa profesionalización que padecen moitos destes pequenos museos e a inexistencia dun planeamento museístico a escala autonómica, ao que deberíamos engadir a precariedade na que se desenvolve a maior parte, sobre todo a partir do devalo da economía. Tamén se bota en falta un instrumento axeitado de coordinación para aproveitar sinerxias e mellorar a difusión e promoción, a imaxe e semellanza da "Xarxa de Museos Marítims de la Costa Catalana" (2007), integrada arestora por unha quincena de entidades. De calquera xeito, non semella aventurado afirmar que os centros museísticos da Galiza vinculados ao mar, teñen aínda moito camiño por diante como senlleiros Actores que son da preservación da cultura marítima do país.

Coda

A creba económica agudizada en torno a 2008 e 2014, afectou de xeito notorio á socialización

⁶ Agradecemos estas informacións á directora do Museo Massó, Covadonga López de Prado Nistal.

da cultura marítima na Galiza, esborrallando non poucos proxectos⁷. Ademais, as referidas mudanzas socioeconómicas na beiramar dificultaron determinadas propostas do tecido asociativo, enfocadas a darlle novos usos a certos bens inmo- bles propios da mariña tradicional. Os conflictivos casos das antigas carpinterías de ribeira de Purro (Bueu) e Casqueiro (Moaña), resolto en principio favorablemente o primeiro (está previsto que se incorpore como anexo ao Museo Massó) e cunha lamentable deriva violenta o segundo (o pendello foi queimado recentemente), son dous exemplos ben significativos do problemático consenso so- cial que, ás veces, acompaña á patrimonialización.

Porén, o proceso de apropiación da cultura ma- rítima non se interrompeu e, mesmo, nos últimos tempos tamén houbo boas novas, xa que a vixen- te Lei de Patrimonio de Galiza (2016) recoñeceu, tras paciente reivindicación do Asociacionismo cultural, algúns dos seus elementos. Así mesmo, o “saber-fazer” da resistente construción naval en madeira (se acaso a máis dinámica de Europa), foi declarado hai pouco (2017) Ben de Interese Cul- tural por parte da Xunta de Galicia e considerado patrimonio inmaterial a protexer. Unha activida- de secular, a carpintería de ribeira, que se resis- te a ficar como obxecto de museo e hoxe tamén pode ser contemplada en termos de innovación tecnolóxica e social ao incorporar novas técnicas e apostar pola acción colectiva mediante a Aso- ciación Galega de Carpinteiros de Ribeira (2007). Velaí unha esclarecida mostra de cómo unha cul- tura marítima capaz de reformular as tradicións, pode se converter nun relevante valor diferencial e diferenciador dentro do contexto europeo.

⁷ Neste intervalo desapareceu a experiencia de turismo mariñeiro “Mar de Lira” e cesaron as singraduras de senlleiras embarcacións de interese patrimonial de grande porte (o barco alxibe “Hidria”, o antigo bacalloeiro “Nauja” ...), entre outros. Tamén algúns pequenos museos do mar dependentes de Concellos costeiros, tiveron moitas eivas no seu funcionamento.

Bibliografía

AAVV, Mare Vasorum: Informe de diagnóstico, Donostia: Eusko Ikaskuntza, 2010.

Allegret, J. L. e Carbonell, E. (Eds.) La patrimonialització de la cultura marítima, Girona: Institut Català de Recerca en Patrimoni Cultural (ICRPC), 2012.

Allegret, J. L. "Producción patrimonial marítima en contextos neo museográficos. El ejemplo del proceso de creación patrimonial del «pescado de poco precio» en el Espai del Peix de Palamós", en Allegret, J. L. e Carbonell, E., (Eds.) La patrimonialització de la cultura marítima, Girona: Institut Català de Recerca en Patrimoni Cultural (ICRPC), 2012, pxs. 29-40.

Calo Lourido, F. Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes, Vigo: A Nosa Terra, 1996.

Carbonell, E. "La patrimonialización de un paisaje marítimo" en PASOS Revista de Turismo y Patrimonio Cultural, Vol. 8 nº 4, La Laguna, 2010, pxs. 569-581.

Florido del Corral, D. "Cultura despatrimonializada e invención patrimonialista" en Allegret, J. L. e Carbonell, E. (Eds.) La patrimonialització de la cultura marítima, Girona: Institut Català de Recerca en Patrimoni Cultural (ICRPC), 2012, pxs. 133-146.

García Allut, A. "La pesca artesanal, el cambio y la patrimonialización del conocimiento" en Revista PH 44, Especial Monográfico: Patrimonio Pesquero, Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, Consejería de Cultura Junta Andalucía, Sevilla, 2003, pxs. 74-83.

Lixa Filgueiras, O. O Barco Poveiro, Póvoa de Varzim: Contemporânea Editora, 1996.

López, O. "El patrimoni marítim a Catalunya: Entendre el passat per construir el futur" en Revista Argo, Museu Marítim de Barcelona, nº 1, xuño 2008, pxs. 19-23.

Martí, M. "El patrimoni marítim i els museus de Catalunya" en Revista Drassana, Museu Marítim de Barcelona, nº 13, decembro de 2005, pxs. 48-56.

Mörling, S. Las embarcaciones tradicionales de Galicia, Santiago: Xunta de Galicia, 1989.

Museo Massó, O Museo que medrou dentro de unha fábrica de conservas, Santiago: Xunta de Galicia, 2014.

Pereira, D. "Le Patrimoine Maritime Galicien" en Le Chasse Marée, Revue d'Histoire et Ethnologie Maritimes, nº 134, Douarnenez, 2000, pxs. 30-38.

Pereira, D. O patrimonio marítimo de Galicia, Cambados: Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, 2003.

Pereira, D. "O Patrimonio Marítimo galego na súa diversidade" en Revista A Trabe de Ouro, nº 63, Sotelo Blanco, Santiago, 2005, pxs. 335-345.

Pereira, D. Foulas e Ronseis. Retrincos para un Tratado do Mar dos Galegos, Santiago: Positivas, 2005.

Pereira, D. "Patrimonio marítimo galego: un diagnóstico actual" en Revista Adra, nº 3, Museo do Pobo Galego, Santiago, 2008, pxs. 25-44.

Pereira, D. "Una visión estratégica del patrimonio marítimo: comparativa entre Catalunya, Euskadi y Galicia" en Itsas Memoria, nº 6, Untzi Museoa, Donostia, 2009, pxs. 15-32.